

Exposición

“Medicina e Arte, outro Camiño”

Profesionais da Medicina que se dedican ás Artes Plásticas en Galicia

Moi boas noites!

Queremos agradecer a todas as persoas que estades aquí a vosa presenza na inauguración da nosa exposición.

Tamén queremos agradecer aos novos membros do noso colectivo a confianza nas compañeiras e compañeiros que xa estabamos nel; tanta, como para animárense a participar nas andainas do colectivo e, en concreto, nesta exposición.

Así mesmo, queremos agradecer ao Concello de Ribadavia, sobre todo a Anxo, Concelleiro de Cultura, e a Manoli, técnica de Cultura, a súa colaboración entusiasmada no noso proxecto desta exposición, que agora, gracias tamén a eles dous, xa é unha realidade.

¿Que nos uniu ás persoas que estamos expoñendo aquí?

En primeiro lugar, unha profesión: a medicina.

En segundo lugar, unha afección: a expresión artística por medio da escultura, pintura, debuxo, gravado e fotografía.

¿Como se foi formando este colectivo?

Hai dous anos (abril 2007), unhas cantas persoas, profesionais da medicina, recibimos unha chamada telefónica de Mario (médico) para contarnos que el máis Xose (médico tamén) estaban a facer unha base de datos de profesionais da medicina que se

dedican ás artes plásticas cando teñen tempo para iso...; mandounos un cuestionario, cubrímolos e devolvémosllo. Estaban recadando datos para faceren unha publicación.

Hai un ano (maio 2008), recibimos outra chamada telefónica, esta vez de Xose, para invitarnos a participar nunha exposición colectiva itinerante polo tramo galego do Camiño Xacobeo Francés ao longo do ano. Resulta que Xesús (outro compañeiro do noso colectivo) estivera de armadanzas con Fernando (médico e alcalde de Palas de Rei) e chegaran á conclusión de que se podería facer a devandita exposición itinerante, despois falaran con Xosé e Mario, e puxéranse xa eles dous, xunto con Fernando e a Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés (chamada “*A treitos*”), a montar a exposición, que percorreu ese Camiño concello a concello (Pedrafita, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino.), ata chegar a Compostela, onde a coordinou Lourdes, para ir recalar, posteriormente, en Lugo, onde foi coordinada por Mercedes.

Este ano, Ignacio organizou unha exposición do grupo no Barco de Valdeorras en xuño. É un encontro lúdico-festeiro no Carballiño para tomar alí o mellor polbo do mundo, como cómpre.

E aquí estamos agora!, en Ribadavia, abrindo a porta para iniciar o Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro. Camiño que pensamos percorrer, no seu tramo galego (aínda que ven do país irmán Portugal), concello a concello, ao longo do ano que ven (que é Ano Santo), coa exposición, colaborando así coas asociacións que traballan neste Camiño, e coa xente desta comarca, no intento de acadar unha meta: visibilizar este Camiño, promocionalo para que sexa outro máis e con máis pelegríns dos que ten agora, e que todo iso sirva para mellorar a calidade de vida desta zona e os seus habitantes, e que todo isto leve á declaración deste Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro como un dos Camiños Xacobeos “oficiais”, do Camiño de Santiago; meta que é moi importante, tanto para esta comarca do Ribeiro, como para toda Galicia.

Como dicía Xose cando andabamos polo Camiño Francés: Non podemos esquecer a forte vinculación que existe entre a medicina e o Camiño de Santiago, porque este foi unha vía de entrada de coñecementos científicos médicos, un motivo

para o xurdimento de múltiples focos de asistencia sanitaria nas pousadas, nos albergues e nos hospitais e se acadou unha amalgama de saberes médico-sanitarios que fluíron dende Europa ata Galicia, para máis tarde seren irradiados dende ela a Europa e ao resto do mundo, a través do Camiño. Xurdiu, así, un apoio inestimable para o coidado da saúde e a asistencia aos peregrinos, que, ademais de padecerem as doenzas propias do camiñante, poderían sufrir un agravamento das doenzas previas.

Podería ser certo o tópico de que a creación artística deste colectivo fose o resultado dunha vía de escape ou relaxación para compensar o sobreesforzo que esixe a alta responsabilidade e o quefacer do exercicio da profesión médica. Sen embargo, podería ser mais certo, que ser médico e ser artista a un tempo, é un xeito de ser unha persoa capacitada para interesarse polas demais persoas.

Así mesmo, José Manuel García Iglesias (profesor do Departamento de Historia da Arte, da Universidade de Santiago de Compostela), cando fala de nós, di: Ser médico e ser artista non é incompatible. Antes ao contrario, a Medicina ten moito de Ciencia pero tamén o ten a Arte. E o artista ten que contar, ao tempo, con oficio e sentido da creatividade; coma o médico, que, ante calquera problema que a súa profesión lle expón, ten que imaxinar unha solución, tamén o creador plástico debe rastrexar, dende o exercicio das súas habilidades, camiños que aporten accións válidas. O médico contempla e trata de paliar a dor allea sentíndose, en certo modo, partícipe da mesma, na busca dunha esperanza de saúde. Na súa loita diaria, trata de facer mellor a vida daqueles aos que trata, practicando, no máis literal sentido da palabra, o humanitarismo como atención dominante á humanidade, nun ben tan básico como é o coidado da saúde. Dito doutro xeito, ao médico distíngueo o seu interese polo humanitario ou, se se quere, polo home, algo que o sitúa nunha posición de aproximación natural ante todo aquilo que enlace co coidado da persoa e o seu benestar, coa mellora das súas condicións de vida... E, neste senso, a valoración da arte, como actividade humana, ten un papel moi importante. O exercicio da plástica fainos mellores observadores, lévanos a indagar na temática que ternos diante, con eses mesmos ollas rastrexadores que o médico emprega á hora de diagnosticar, reelaborando a información dende o seu bo saber e entender. É certo que a arte é unha linguaxe e que, como tal, hai quen se expresa artisticamente e quen é capaz de comprender, nun grao apreciable, o que unha obra calquera poida,

potencialmente, encerrar. Quen é artista, profesional ou non, ten unha meirande capacidade, en xeral, que quen non o é, para entender o que o creador pode, dun determinado xeito, expresar. Ser médico e ser artista a un tempo, parécenos en todo caso, un magnífico xeito de ser persoa. Esa dobre face que compendia ao médico-artista non deixa de ser, en certo modo, a dobre cara dunha mesma moeda que se pesa en valor humano, no que é o desenvolvemento persoal de cada quen como integrante da humanidade mesma.

Úneos, tamén neste caso, o Camiño. E é así porque a exposición aquí considerada preséntase como itinerante, discorrendo por distintos lugares que teñen que ver con esa senda propia da peregrinación a Santiago, da que nace un camiñar que vai máis alá do puramente físico para ser, tamén, ruta espiritual que nos instrúe e enriquece. Por iso o Camiño aporta ao artista paisaxes, xentes, sensacións convertibles en experiencias plásticas... Dese heteroxéneo baseamento xurde a motivación artística para unha boa parte dos autores aquí comentados. Outros, sinxelamente, se adhíren a esta experiencia colectiva aportando a súa mirada artística, como fai un peregrino calquera ao compartir o seu saber con aqueles outros camiñantes cos que a sorte lles leva a reunirse na viaxe.

Así pois son dúas as coordenadas desde as que explicar esta exposición: Son médicos-artistas que exercen en Galicia e teñen ao Camiño como cortina de fondo que os leva a presentar conxuntamente a súa obra. A partir de aí nace a bondade do individual desenvolvida na particularidade de cada caso. Hainos que prefíren a paisaxe e a súa obra reflexa a inquietude polo natural. Outros fixan a súa mirada nesa cidade-meta que é a Compostela de Santiago. Tamén existen sensibilidades que se fixan propiamente no humano e nos levan á contemplación, e valoración, do home.

Son, en definitiva, os nosos médicos e médicas que, neste caso, máis que preguntarnos na busca de elaborar un diagnóstico, dinnos o que eles senten para que nós saibamos algo, tamén, sobre o seu modo de ser e de estar, porque de todo isto, e de moito máis, fala o artista a través da súa actividade plástica. En todo caso estes artistas médicos fálanos de Galicia e das súas xentes.

Fernando fala das nosas exposicións dicindo: Sempre é unha satisfacción comprobar que hai un traballo novo que xira en torno ao Camiño de Santiago.

Os concellos que forman parte dos distintos Camiños Xacobeos teñen que ter moi presente o privilexio que supón formar parte do Camiño de Santiago nalgún dos seus itinerarios. Non se trata só dunha relevancia histórica senón tamén cultural. É un foco de intercambio de estilos artísticos dende o seu comezo, e por suposto, tamén na actualidade.

Parécenos o marco idóneo para levar a cabo as exposicións deste colectivo de artistas que reflexionaron sobre o Camiño e as vivencias que pode transmitir. Neste proxecto preténdese dar a coñecer os distintos puntos de vista que, sobre o Camiño de Santiago, ten un grupo de artistas moi especial. E que mellor sitio para facelo que o propio Camiño! Por iso, facemos da exposición unha peregrina, que recorrerá o Camiño. En cada localidade será coñecida por camiñantes de orixe moi dispar pero tamén pola poboación local. Todo isto contribúe ao intercambio cultural e de estilos, así como á promoción da arte galega.

Agora, temos un camiño feito e un camiño por facer.

O feito xa, é a parte galega do Camiño Xacobeo Francés, con 19 médicas e médicos participantes na exposición.

O que aínda está por facer, é a parte galega do Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro, que presentamos hoxe aquí, en Ribadavia, con 35 participantes na exposición.

Agardamos para o futuro máis exposicións e máis camiños, e tamén máis xente encantadora que coñecer, tanto dentro do grupo (porque, a pesares de ser profesionais da medicina todas as persoas que formamos este colectivo, obviamente moitos de nós non nos coñeciamos persoalmente; agora mesmo somos xa 47 persoas), coma fóra del: todas as persoas que nos acolledes, apoiades e acompañades, como é agora e aquí a xente do Concello de Ribadavia e as persoas que estades aquí, a golpe de venres tardío... véspera dunha mini-ponte... coma se non tivésedes outras cousas que facer... Grazas por estar aquí, grazas pola vosa presenza.

O noso sitio en internet é: <http://mpsp.webs.uvigo.es/medicarte/>.

Lourdes Maceiras

*Profesora da Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública, da Universidade de Vigo,
no Campus de Ourense*

Ribadavia, 9 de outubro de 2009



Medicina e Arte, outro camiño


Inauguración
Venres día 9 de outubro ás 20:00 h.
Local Social da Madalena

RIBADAVIA

do día 9 de outubro
ao 8 de novembro de 2009

de Mércores a Domingo
de 11:00 h a 13:00 h e de 16:00 h a 20:00 h
Luns e Martes Pechado

Igrexa de San Xes – P. Turbón



M. Amigo
Antón Aparicio
José Luis Bueno
Xosé Manuel Cairo Antelo
Jacobo Campuzano
Victoria Castro
Alfonso Caparrós
Delgado
Antonio Díaz Pedreira
Generosa Franco
Pablo Galego
Luciano García Alén
Federico García Cabezón
X.G. Albeos
Leopoldo García Méndez
Ignacio Granero
Cesáreo Hernández
Mercedes Hernández Ruiz

Mario Hortas Guldrís
J. Luis Iglesias Diz
Lourdes Maceiras
Rosa Moreno
Enrique Pereira Pereiro
Xoán Piñón
Olga Poza
Manuel Robles
Alberto R. Costa
Javier Táboas
Pilar Turbón
Xesús Vázquez
Fidel Vidal
Xan Vieito
Roberto Vila
Leticia
Rubén Vilariño Méndez



Medicina e Arte, outro camiño

<http://webs.uvigo.es/mpsp/medicarte>